
CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES TERRA DE SONEIRA

CURSO 2024 - 2025

ÍNDICE

1.	ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO AO CONTEXTO DO CENTRO....	3
2.	A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS	10
3.	OS CRITERIOS PARA INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	11
4.	OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA	12
5.	OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS...	13
6.	OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE	14
7.	OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	24
8.	OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.	25
9.	OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO	26
10.	OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	27
11.	OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA	33
12.	AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	35
13.	OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.	36
14.	PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR	37

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO AO CONTEXTO DO CENTRO

1.1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

O Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo sétimo os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.2. Obxectivos do Bacharelato

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma Galega establece no seu artigo sétimo os obxectivos do Bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a

tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- m) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- n) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1.3. Obxectivos do Ciclo Medio en Xestión Administrativa

O Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en xestión administrativa establece no seu artigo undécimo os obxectivos xerais do ciclo:

- a) Analizar o fluxo de información, así como a tipoloxía e a finalidade dos documentos e das comunicacións que se utilizan na empresa, para a súa tramitación.
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- c) Identificar e seleccionar as expresións en lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación coa eficacia do seu emprego no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.
- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicacións e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e a metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentamentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- i) Comparar e avaliar os elementos que interveñen na xestión da tesouraría, os produtos e os servizos financeiros básicos, e os documentos relacionados con eles, comprobando as necesidades de liquidez e de financiamento da empresa para realizar as xestións administrativas relacionadas.

- j) Efectuar cálculos básicos de produtos e servizos financeiros, empregando principios de matemática financeira elemental, para realizar as xestións administrativas de tesouraría.
- k) Recoñecer a normativa legal aplicable, as técnicas de xestión asociadas e as funcións do departamento de recursos humanos, e analizar a problemática laboral que poida darse nunha empresa e a documentación relacionada para realizar a xestión administrativa dos recursos humanos.
- l) Identificar e preparar a documentación salientable e as actuacións que cumpra desenvolver, interpretando a política da empresa, para efectuar as xestións administrativas das áreas de selección e formación dos recursos humanos.
- m) Formalizar documentación e preparar informes consultando a normativa e as vías de acceso á Administración pública (internet, oficinas de atención ao público, etc.) e empregando, de ser o caso, aplicacións informáticas específicas, para prestar apoio administrativo na área de xestión laboral da empresa.
- n) Seleccionar datos e formalizar documentos derivados da área comercial, interpretando normas mercantís e fiscais, para realizar as xestións administrativas correspondentes.
 - a) ñ) Transmitir comunicacións de xeito oral, telemático ou escrito, adecuadas a cada caso e analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades de atención á clientela ou ás persoas usuarias.
- o) Identificar as normas de calidade e de seguridade, así como as de prevención de riscos laborais e ambientais, e recoñecer os factores de risco e os parámetros de calidade, para aplicar os protocolos correspondentes no desenvolvemento do traballo.
- p) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.
- q) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.
- r) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.
- s) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do seu traballo.
- t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- u) Recoñecer e identificar as posibilidades de negocio, analizando o mercado e estudando a viabilidade empresarial para a xeración do seu propio emprego.
- v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

1.4. Obxectivos do Ciclo Superior de Administración e Finanzas

Segundo o Decreto 206/2012 , do 4 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Administración e Finanzas no seu artigo noveno son obxectivos xerais do ciclo os seguintes:

- a) Analizar e confeccionar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, identificando a súa tipoloxía e a súa finalidade, para os xestionar.
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa recoñecendo a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para os elaborar.
- c) Identificar e seleccionar as expresións de lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación co seu emprego máis eficaz no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Analizar a información dispoñible para detectar necesidades relacionadas coa xestión empresarial.
- f) Organizar as tarefas administrativas das áreas funcionais da empresa para propor liñas de actuación e mellora.
- g) Identificar as técnicas e os parámetros que determinan as empresas, para clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos.
- h) Recoñecer a relación entre as áreas comercial, financeira, contable e fiscal, para xestionar os procesos de xestión empresarial de forma integrada.
- i) Interpretar a normativa e a metodoloxía aplicables para realizar a xestión contable e fiscal.
- j) Elaborar informes sobre os parámetros de viabilidade dunha empresa, recoñecer os produtos financeiros e os seus provedores, e analizar os métodos de cálculo financeiros, para supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento.
- k) Preparar a documentación e as actuacións que se deben desenvolver, interpretando a política da empresa, para aplicar os procesos administrativos establecidos na selección, na contratación, na formación e no desenvolvemento dos recursos humanos.
- l) Recoñecer a normativa legal, as técnicas asociadas e os protocolos relacionados co departamento de recursos humanos, analizando a problemática laboral e a documentación derivada, para organizar e supervisar a xestión administrativa do persoal da empresa.
- m) Identificar a normativa, realizar cálculos, seleccionar datos, formalizar documentos e recoñecer as técnicas e os procedementos de negociación con provedores e de asesoramento a clientes, para realizar a xestión administrativa dos procesos comerciais.
- n) Recoñecer as técnicas de atención á clientela e ás persoas usuarias, e adecualas a cada caso, analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades relacionadas.
 - a) ñ) Identificar modelos, prazos e requisitos para tramitar e realizar a xestión administrativa na presentación de documentos en organismos e administracións públicas.
- o) Analizar e utilizar as oportunidades e os recursos de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

- q) Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.
- v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nas actividades e nos traballos realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

1.5. Concreción dos obxectivos e adecuación á realidade do centro

Paralelamente á consecución dos obxectivos que a normativa que regula diferentes etapas educativas establece, concretando e/ou estendendo os mesmos e adecuándoos á realidade do centro, as ensinanzas ofertadas no IES Terra de Soneira perseguirán a consecución dos obxectivos que a continuación se listan:

- a) Superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades.
- b) Aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo. Evitar a valoración das linguas e as culturas, unicamente por criterios tales como o número de falantes, o poder económico e político asociados, etc.
- c) Asegurar a igualdade efectiva na educación como eixo vertebrador da organización e funcionamento do Centro.
- d) Consegir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias e co medio xeral), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables.
- e) Fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa na xestión, desenvolvemento de actividades e funcionamento do Centro.
- f) Superar a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado, presentando ao Centro como un medio para mellorar a súa calidade de vida.

- g) Superar os estereotipos sexistas e promover a igualdade de oportunidades.
- h) Carácter aconfesional como Centro público que é.
- i) Facilitar unha formación que lles permita incorporarse a unha sociedade de dereito.
- j) Propiciar o bo uso das TIC, como unha ferramenta útil para a obtención de información, seleccionando a relevante e importante daquela, que non aporta utilidade.

2. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

A lexislación educativa recente, así como os textos normativos que a desenvolven, establecen a necesidade de transitar cara unha actividade de ensino-aprendizaxe deseñada dende un enfoque cada vez máis competencial, onde o traballo na aula a través de actividades que integren habilidades, contidos e capacidades diferenciadas debería estar cada vez máis presente na práctica docente.

Polo tanto, o proceso de avaliación por parte dos docentes empregará instrumentos variados e adaptados ás diferentes situacións de aprendizaxe que se establezan nas programacións didácticas dos diferentes cursos.

As competencias clave, segundo o Decreto 156/2022 e 157/2022 serán:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia e conciencia e expresión cultural.

3. OS CRITERIOS PARA INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En concordancia cos obxectivos expostos no primeiro epígrafe do presente documento, traballárase a integración dos elementos transversais nas programacións didácticas dos departamentos existentes no centro.

Ademais do reflectido nas programacións didácticas, o centro incidirá especialmente na introdución dos seguintes elementos transversais nas ensinanzas recibidas polo conxunto do alumnado:

- A consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, foi nos cursos previos un dos obxectivos no que se traballou con maior intensidade mediante a participación en diversos programas educativos e segue sendo na actualidade un importante eixo vertebrador das ensinanzas impartidas no centro. Será tratado de xeito transversal mediante a participación en cuantiosas actividades organizadas dende a Vicedirección do centro e o departamento de Orientación.
- O fomento da convivencia entre todos os membros da comunidade educativa é un obxectivo tamén traballado intensamente en cursos previos (participación nos Contratos-Programa nas modalidades CONVIVE-T e EMOCIONA-T). Este obxectivo será traballado no sucesivo mediante a participación nos novos Proxectos de Inclusión Educativa, nos que o centro participará nas súas modalidades Reforzo da inclusión educativa e Promoción do benestar emocional.
- Dixitalización e afondamento no uso das TIC mediante a posta en marcha do programa Polos Creativos con participación da práctica totalidade dos departamentos didácticos do centro.

4. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA

As metodoloxías a empregar deberán ser diversas e adecuadas ás características específicas de cada grupo, adecuaranse ao nivel de heteroxeneidade do grupo e tratarán de respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe que requiren os seus integrantes.

Estes principios básicos haberán de plasmarse nas programacións didácticas de cada departamento, que non serán tratadas como un mero trámite burocrático senón como un instrumento básico para a planificación docente. Nestes documentos, os departamentos didácticos especificarán os obxectivos, contidos e actividades das distintas áreas, así como as opcións metodolóxicas concretas. Incluíranse tamén nas programacións didácticas os elementos transversais dos currículos que se tratarán nas materias asignadas ao departamento. Como criterio xeral, tentarase acadar aprendizaxes significativos para asegurar que os coñecementos adquiridos na aula poidan ser empregados nas circunstancias que rodean ao alumnado cando este o precise. As condicións que deberán respectarse son as seguintes:

- O contido ten que ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina como dende o punto de vista da estrutura psicolóxica do alumnado.
- O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe conectar coas necesidades profundas, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.
- O alumnado debe ter unha actitude favorable para aprender de maneira significativa. Ha de estar motivado, espertar o seu interese, curiosidade e gusto pola observación.

As medidas de atención á diversidade que poderán ser aplicadas no centro serán, tal e como recolle o Plan Xeral de atención á diversidade, as seguintes:

- Optatividade de materias.
- Actividades de tutoría.
- Actividade orientadora.
- Adecuación das programacións didácticas.
- Adecuación das metodoloxías.
- Avaliación inicial.
- Apoio do profesorado especialista de PT e AL.
- Agrupamentos flexibles.
- Adaptacións curriculares.

5. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Considerando que o centro debe cumprir cuns estándares de calidade en canto a instalacións e dotacións de recursos que permitan un axeitado aproveitamento das ensinanzas impartidas e tomando como referencia o establecido nas NOF, o centro realizará os investimentos necesarios dentro das posibilidades orzamentarias do mesmo para conseguir un axeitado estado material e unha adecuada dotación de recursos. Para isto, contarase co financiamento procedente das achegas anuais para gastos de funcionamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, co financiamento do Fondo Social Europeo e coas achegas orzamentarias procedentes da participación en diversos programas educativos.

En canto ás necesidades de investimento en recursos educativos detectadas polos departamentos, tal e como se establece nas NOF, os propios departamentos trasladarán ditas necesidades á Dirección, que os aprobará unha vez constatada a necesidade dos mesmos e a viabilidade dende o punto de vista orzamentario.

6. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

A oferta educativa do centro partirá da normativa educativa vixente e do que a administración educativa dispoña en canto á autorización de oferta das diferentes ensinanzas.

Actualmente a oferta educativa do centro é a seguinte:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Educación Secundaria Obrigatoria para Persoas Adultas (actualmente sen matrícula)
- Bacharelato (modalidade Ciencias e Tecnoloxía e modalidade Humanidades e Ciencias Sociais)
- Grao Básico de Servizos Administrativos (actualmente sen matrícula)
- Grao Medio de Xestión Administrativa
- Grao Superior de Administración e Finanzas.

En canto a itinerarios e optatividade, o centro configurará itinerarios tomando en conta dúas variables:

- A escolla realizada polo alumnado na matrícula de cada curso.
- Os recursos humanos dispoñibles procedentes do cupo de profesorado asignado ao centro.

Polo tanto, para a elaboración dos itinerarios ofrecerase ao alumando a máis ampla posibilidade de escolla tomando en consideración as preferencias maioritarias do conxunto do alumnado de cada nivel, tendo como restrición o número de horas de docencia dispoñibles procedentes do cupo de profesorado asignado ao centro.

En canto á optatividade de materias, tomando tamén como restrición a dispoñibilidade horaria que supón o cupo de profesorado asignado ao centro, ofreceranse o máximo número de materias optativas que solicite o alumnado, pedindo autorización á inspección educativa naqueles casos en que non se acade o mínimo esixido normativamente para a impartición das materias pero haxa aínda así alumnado interesado en ditas materias.

A oferta educativa actual do centro concrétase na folla de escolla que se proporciona ao alumnado na matrícula:

6.1. 1º Curso de ESO

Obrigatorias	Escoller unha
☒ Bioloxía e Xeoloxía (3) ☒ Xeografía e Historia (3) ☒ Educación Física (2) ☒ Educación Plástica e Audiovisual (2) ☒ Lingua Castelá e Literatura (3) ☒ Lingua Galega e Literatura (3) ☒ Matemáticas (4) ☒ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3) ☒ Tecnoloxía e Dixitalización (3) ☒ Disposición do centro (2) ☒ Tutoría (1)	☐ Proxecto competencial (1) ☐ Relixión (1) 2º Lingua Estranxeira ☐ Francés (2) ☐ Portugués (2)

6.2 2º Curso de ESO

Obrigatorias	Escoller unha
☒ Lingua Castelá e Literatura (3) ☒ Lingua Galega e Literatura (3) ☒ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3) ☒ Xeografía e Historia (3) ☒ Matemáticas (4) ☒ Física e Química (3) ☒ Música (2) ☒ Tecnoloxía e Dixitalización (3) ☒ Educación Física (2) ☒ Tutoría (1) ☒ Libre disposición do centro (2)	2ª lingua estranxeira: ☐ Francés (2) ☐ Portugués (2)
	Escoller unha
	☐ Relixión (1) ☐ Proxecto Competencial (1)

6.3 3º Curso de ESO

Obrigatorias	Escoller unha
☒ Lingua Castelá e Literatura (3) ☒ Lingua Galega e Literatura (3) ☒ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés (3) ☒ Matemáticas (4) ☒ Xeografía e Historia (3) ☒ Física e Química (2) ☒ Bioloxía e Xeoloxía (2) ☒ Música (2) ☒ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2) ☒ Educación en Valores Cívicos e Éticos (1) ☒ Educación Física (2) ☒ Tutoría (1)	☐ Proxecto Competencial (1) ☐ Relixión (1)
	Optativa* ___ 2º Lingua Estranxeira Francés (3) ___ 2º Lingua Estranxeira Portugués (3) ___ Cultura Clásica (3) ___ Educación Dixital (3) ___ Oratoria (3) ___ Cultura financeira (3)

6.4 4º Curso de ESO

Materias obrigatorias	Materias de opción (escoller 3*)
☒ Xeografía e Historia (3) ☒ Educación Física (2) ☒ Lingua Castelá e Literatura (3) ☒ Lingua Galega e Literatura (3) ☒ 1º Lingua Estr: Inglés (3) Escoller unha ☐ Matemáticas A (Sociais) (4) ☐ Matemáticas B (Científicas) (4) Escoller unha ☐ Proxecto Competencial (1) ☐ Relixión (1)	☐ Bioloxía e xeoloxía (3) ☐ Dixitalización (3) ☐ Economía e Emprendemento (3) ☐ Expresión Artística (3) ☐ Física e Química (3) ☐ Formación e Orientación Persoal e Profesional (3) ☐ Música (3) ☐ Latín (3) ☐ Tecnoloxía (3) ☐ 2ª Lingua Estranxeira (especificar cal das dúas): - Portugués (3) - Francés (3)
	Optativas (escoller unha)
	☐ Cultura Clásica** (3) ☐ Filosofía (3) ☐ Oratoria** (3) ☐ Intelixencia Artificial para a Sociedade (3) ☐ Materia de opción non cursada:

6.5 1º de Bacharelato – Ciencias e tecnoloxía

Bloque de materias COMÚNS			
☒ Lingua Castelá e Literatura I (3) ☒ Educación Física (3) ☒ Filosofía (3)	☒ Lingua Galega e Literatura I (3) ☒ 1ª Lingua Estranxeira (escoller unha) ☐ Inglés (3) ☐ Francés (3)		
OBRIGATORIA DE MODALIDADE			
☒ Matemáticas I (4)			
OPCIÓN DE MODALIDADE			
Escoller 2*: ___ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4) ___ Tecnoloxía e Enxeñería I (4) ___ Debuxo Técnico I (4) ___ Física e Química (4)			
OPTATIVA			
Escoller 1: ☐ Libre Disposición Bacharelato (Finanzas responsables) (1) ☐ Relixión (1)	<i>(Modalidade non cursada)</i> Escoller 1*: <table border="0" style="width: 100%;"> <tr> <td style="vertical-align: top;"> ___ Anatomía Aplicada (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Francés (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Portugués (4) ___ Antropoloxía (4) ___ Cultura Científica (4) ___ Tecnoloxías da Información e a Comunicación I (4) ___ Literatura Galega do S.XX e a Actualidade (4) ___ Tecnoloxías Intelixentes (4) </td> <td style="vertical-align: top;"> ___ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4) ___ Tecnoloxía e Enxeñería I (4) ___ Debuxo Técnico I (4) ___ Física e Química (4) ___ Grego I (4) ___ Economía (4) ___ Historia do Mundo Contemporáneo (4) ___ Literatura Universal (4) ___ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4) ___ Latín I (4) ___ Linguaxe e Práctica Musical (4) ___ Debuxo Artístico I (4) </td> </tr> </table>	___ Anatomía Aplicada (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Francés (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Portugués (4) ___ Antropoloxía (4) ___ Cultura Científica (4) ___ Tecnoloxías da Información e a Comunicación I (4) ___ Literatura Galega do S.XX e a Actualidade (4) ___ Tecnoloxías Intelixentes (4)	___ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4) ___ Tecnoloxía e Enxeñería I (4) ___ Debuxo Técnico I (4) ___ Física e Química (4) ___ Grego I (4) ___ Economía (4) ___ Historia do Mundo Contemporáneo (4) ___ Literatura Universal (4) ___ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4) ___ Latín I (4) ___ Linguaxe e Práctica Musical (4) ___ Debuxo Artístico I (4)
___ Anatomía Aplicada (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Francés (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Portugués (4) ___ Antropoloxía (4) ___ Cultura Científica (4) ___ Tecnoloxías da Información e a Comunicación I (4) ___ Literatura Galega do S.XX e a Actualidade (4) ___ Tecnoloxías Intelixentes (4)	___ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4) ___ Tecnoloxía e Enxeñería I (4) ___ Debuxo Técnico I (4) ___ Física e Química (4) ___ Grego I (4) ___ Economía (4) ___ Historia do Mundo Contemporáneo (4) ___ Literatura Universal (4) ___ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4) ___ Latín I (4) ___ Linguaxe e Práctica Musical (4) ___ Debuxo Artístico I (4)		

6.6 1º de Bacharelato – Humanidades e ciencias sociais

Bloque de materias COMÚNS	
☒ Lingua Castelá e Literatura I (3) ☒ Educación Física (3) ☒ Filosofía (3)	☒ Lingua Galega e Literatura I (3) ☒ 1ª Lingua Estranxeira (escoller unha) ☐ Inglés (3) ☐ Francés (3)
OBRIGATORIA DE MODALIDADE	
☐ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4)	☐ Latín I (4)
OPCIÓN DE MODALIDADE	
Escoller 2*: ___ Grego I (4) ___ Economía (4) ___ Historia do Mundo Contemporáneo (4) ___ Literatura Universal (4) ___ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4) ___ Latín I (4)	
OPTATIVA	
Escoller 1: ☐ Libre Disposición Bacharelato (Finanzas responsables) (1) ☐ Relixión (1)	<i>(Modalidade non cursada)</i> Escoller 1*: ___ Anatomía Aplicada (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Francés (4) ___ 2ª lingua Estranxeira I – Portugués (4) ___ Antropoloxía (4) ___ Cultura Científica (4) ___ Tecnoloxías da Información e a Comunicación I (4) ___ Literatura Galega do S.XX e a Actualidade (4) ___ Tecnoloxías Intelixentes (4) ___ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4) ___ Tecnoloxía e Enxeñería I (4) ___ Debuxo Técnico I (4) ___ Física e química (4) ___ Grego I (4) ___ Economía (4) ___ Historia do Mundo Contemporáneo (4) ___ Literatura Universal (4) ___ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4) ___ Latín I (4) ___ Linguaxe e Práctica Musical (4) ___ Debuxo Artístico I (4)

6.7 2º de Bacharelato – Ciencias e tecnoloxía

Bloque de materias comúns	
☒ Historia de España (3)	☒ 1ª Lingua Estranxeira II: Inglés (3)
☒ Lingua Castelá e Literatura II (3)	☒ Historia da Filosofía (3)
☒ Lingua Galega e Literatura II (3)	
Materia obrigatoria de modalidade (escoller unha)	
☐ Matemáticas II (4)	☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4)
Bloque de materias de opción de modalidade (escoller dúas)	
☐ Bioloxía (4)	☐ Física (4)
☐ Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4)	☐ Química (4)
☐ Debuxo Técnico II (4)	☐ Tecnoloxía e Enxeñaría II (4)
Optativas (escoller unha)	
☐ Métodos estatísticos e numéricos (4)	☐ Tecnoloxías da Información e da Comunicación II (4)
☐ Psicoloxía (4)	☐ Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia (4)
☐ 2ª Lingua Estranxeira II (4) ___ Francés ___ Portugués	☐ Materia de modalidade non cursada de 2º curso (4): ___ Matemáticas II ___ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II ___ Bioloxía ___ Xeoloxía e Ciencias Ambientais ___ Debuxo Técnico II ___ Física ___ Química ___ Tecnoloxía e Enxeñaría II ___ Grego II ___ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ___ Historia da Arte ___ Xeografía ___ Latín II ___ Historia da Música e da Danza ___ Debuxo Artístico II
Optativa 1 hora (escoller unha)	
☐ Relixión Católica (1)	☐ Libre Disposición Bacharelato (1)

6.8 2º de Bacharelato – Humanidades e Ciencias Sociais

Bloque de materias comúns	
☒ Historia de España (3)	☒ Lingua galega e literatura II (3)
☒ Lingua castelá e literatura II (3)	☒ 1ª Lingua Estranxeira II Inglés (3)
☒ Historia da filosofía (3)	
Materia obrigatoria de modalidade (escoller unha)	
☐ Latín II (4)	☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4)
Bloque de materias de opción de modalidade (escoller dúas)	
☐ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (4)	☐ Historia da Arte (4)
☐ Xeografía (4)	☐ Latín II (4)
☐ Grego II (4)	☐ Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4)
Optativas (esoller unha)	
☐ Métodos estatísticos e numéricos (4) Comunicación II (4)	☐ Tecnoloxías da Información e da
☐ Psicoloxía (4) Galicia (4)	☐ Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de
☐ 2ª Lingua Estranxeira II (4) curso (4): ___ Francés ___ Portugués	☐ Materia de modalidade non cursada de 2º ___ Matemáticas II ___ Matemáticas aplicadas ás CCSS II ___ Bioloxía ___ Xeoloxía e Ciencias Ambientais ___ Debuxo Técnico II ___ Física ___ Química ___ Tecnoloxía e Enxeñaría II ___ Grego II ___ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ___ Historia da Arte ___ Xeografía ___ Latín II ___ Historia da Música e da Danza ___ Debuxo Artístico II
Optativa 1 hora (escoller unha)	
☐ Relixión Católica (1)	☐ Libre Disposición Bacharelato (1)

6.9 Ciclo Medio de Xestión Administrativa

Os módulos que integran o título de Técnico en xestión administrativa son os que establece para 1º e 2º curso do ciclo o Decreto 191/2010.

6.10 Ciclo Superior de Administración e Finanzas

Os módulos que integran o título de Técnico superior en administración e finanzas son os que establece para o 1º e 2º curso do ciclo o Decreto 206/2012.

7 OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias, como aprendizaxe curricular que fai uso dun espazo ou contexto diferente ao da aula habitual, serán de asistencia non opcional.

Os departamentos didácticos deseñarán e programarán a comezo do curso as actividades complementarias a desenvolver durante o mesmo, que serán aprobadas polo Consello Escolar no mes de outubro.

Xunto coa documentación da matrícula entregarase unha folla de autorización para a participación nas actividades complementarias gratuítas que se celebren dentro do concello de Vimianzo durante todo o curso académico.

8 OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

Segundo o punto 3 do artigo 8 da Orde de 25 de xaneiro, o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O profesorado que imparte a materia que o alumno ou a alumna teñen pendente elaborará un plan de reforzo seguindo as directrices do departamento didáctico correspondente e co coñecemento do titor ou titora. Dito plan deberá estar adaptado ás particularidades do alumno ou alumna destinatario.

O plan de reforzo deberá incluír canto menos os puntos que dispón o punto 3 do artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

Para superar a materia o alumno ou alumna debe obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente que será avaliado na sesión de avaliación final do curso por parte do profesor ou profesora da materia pendente.

9 OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Os plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso serán elaborado polos equipos docentes, baixo a coordinación do titor ou titora, seguindo as directrices e contido mínimo fixado no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Estes plans deberán ser sometidos a un seguimento en cada sesión de avaliación e de ser necesario deberán ser modificados.

10 OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN PROMOCIÓN E TITULACIÓN

10.1 ESO

A promoción e titulación do alumnado da ESO regúlase no Decreto 156/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022.

Promoción:

O artigo 25 do Decreto 156/2022 establece que acadará a promoción dun curso a outro da ESO o alumnado que superase as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e cursos anteriores. Ademais de nos anteriores casos o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter extraordinario e tomarase logo de esgotar as medidas de reforzo e apoio de carácter ordinario. Deberá elaborarse un plan específico personalizado que recolla as medidas que se consideren axeitadas para a superación das dificultades detectadas neste alumnado.

O alumnado que acade a promoción con materias pendentes deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

Tal e como dispón o artigo 23 da Orde do 26 de maio de 2023, durante o curso realizaranse unha avaliación inicial, un mínimo de tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

Competencias clave:

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave.

Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Na sesión de avaliación a xunta de avaliación realizará unha valoración das competencias clave do alumnado e en caso de existir desacordo na cualificación dalgunha competencia realizarase unha votación entre o equipo docente do alumno ou alumna en cuestión na que se requirirá de maioría simple.

Titulación:

O artigo 26 do Decreto 156/2022 regula a titulación na ESO. A decisión de titulación ao finalizar o cuarto curso da ESO será adoptada de xeito colexiado atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos na Lei orgánica 2/2006, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

10.2 Bacharelato

A promoción e titulación do alumnado do Bacharelato regúlase no Decreto 157/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022.

Promoción:

O artigo 23 do Decreto 157/2022 regula a promoción no Bacharelato. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo curso de Bacharelato cando superen

as materias cursadas ou teñen avaliación negativa en dúas materias como máximo. O artigo 30 da Orde do 26 de maio de 2023, aclara a este respecto que só se computarán as materias en que estea matriculado o alumno ou alumna.

Aqueles alumnos ou alumnas que acaden a promoción a segundo curso con materias pendentes de primeiro deberán matricularse delas e cursalas ao longo do curso. O centro organizará as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación destas materias pendentes. O alumnado que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade e non manterán a cualificación das materias previamente superadas.

O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:

- a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
- b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

O alumnado poderá matricularse en segundo curso das materias con relación de continuidade que figuran no anexo III do Decreto 157/2022, sen ter cursado con anterioridade a materia de primeiro. Neste caso, o alumnado deberá matricularse da correspondente materia de primeiro e cursala como pendente. Esta materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

Non obstante, no caso das materias específicas de modalidade de opción e no caso das materias optativas, o alumnado poderá acreditar os coñecementos da correspondente materia de primeiro antes do inicio das actividades lectivas do curso académico. Esta acreditación realizarase a través das probas que decida o departamento didáctico, baseadas en criterios obxectivos e avaliábeis, que permitan verificar que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En ningún caso se poderá considerar cursada ou superada a materia de primeiro curso. No caso de non superar as probas de acreditación dos coñecementos da correspondente materia de primeiro curso, o alumnado deberá matricularse da dita materia e cursala como pendente. A materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Titulación:

O artigo 24 do Decreto 157/2022 regula a obtención do título de Bacharelato. Para a obtención do título o alumno ou a alumna deberá obter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato. Excepcionalmente o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharelato por un alumno ou alumna que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

A efectos do punto b) anterior considerárase inasistencia continuada por parte do alumno ou alumna o número de faltas non xustificadas que a continuación se detalla:

- 10 faltas non xustificadas nas materias de 5 ou máis horas semanais.
- 8 faltas non xustificadas nas materias de 4 horas semanais.
- 6 faltas non xustificadas nas materias de 3 horas semanais.
- 4 faltas non xustificadas nas materias de 2 horas semanais.

Durante o curso realizarase unha avaliación inicial, un mínimo de tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria. No período abranguido entre a avaliación final ordinaria e a final extraordinaria organizarase para o segundo curso a impartición de clases de preparación da avaliación de acceso á universidade e para o primeiro curso a impartición de actividades de recuperación e ampliación.

10.3 Ciclos de Formación Profesional

A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, regula o relativo á promoción de primeiro a segundo curso dos ciclos de Formación Profesional.

Promoción:

O alumnado de primeiro curso do Ciclo medio de Xestión administrativa e do Ciclo superior de Administración e finanzas acadarán a promoción ao segundo curso cando teñan superados todos os módulos do primeiro curso ou cando a suma da duración dos módulos pendentes non supere as 300 horas.

O alumnado que non acade a promoción ao segundo curso ou non consiga titular ao finalizar o segundo curso deberá repetir os módulos non superados para o cal deberá formalizar matrícula no mesmo curso.

Titulación:

Obterá a titulación o alumnado que supere todos os módulos profesionais de que conste a titulación cursada.

10.4 Procedemento de reclamación das cualificacións

O procedemento para a reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención dun título académico son reguladas pola *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*.

O alumnado terá dereito a recibir unha aclaración sobre as cualificacións obtidas naquelas probas nas que sexan avaliados (exames, traballos, comentarios, etc.), na hora e no lugar do centro que o profesor da materia considere oportuno, e dentro dun prazo non superior a un día lectivo desde que se lle comunica a cualificación.

Os pais/nais ou titores/as do alumnado terán dereito a solicitar copia das probas de avaliación realizadas ao alumnado. A lei 39/2015 regula o dereito da cidadanía a solicitar copias dos documentos públicos administrativos, polo que o noso centro conta cun protocolo de actuación para a entrega de probas de avaliación:

Unha vez ensinada a proba escrita aos pais/nais ou titores/as, estes poderán solicitar copia compulsada da mesma presentando solicitude por rexistro na secretaría do centro. O centro, nun prazo de quince días, emitirá copia compulsada á que dará rexistro de saída. O custo das fotocopias deberá ser pagado polos solicitantes.

No suposto de que, tras as oportunas aclaracións exista desacordo coa cualificación final obtida nunha área ou materia, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a, este ou os seus pais ou titores poderán solicitar por escrito a revisión da dita cualificación ou decisión. Existen modelos de reclamación ante o centro dispoñibles na Xefatura de estudos.

A dita reclamación será tramitada seguindo a seguinte xerarquía; profesor, departamento, Xefatura de Estudos, á Xefatura Territorial da Consellería de Educación ou á Comisión de Supervisión da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, segundo sexa o caso, considerando que as reclamacións a partir do Departamento sexan presentando unha reclamación formal a través da secretaría do centro.

En caso de desacordo cunha cualificación final o/a alumno/a, os seus pais ou representantes legais, poderán solicitar por escrito na xefatura de estudos a revisión de dita cualificación no prazo de dous días lectivos, ou no seu caso hábiles, contados a partir do día seguinte ao da comunicación. No primeiro día lectivo seguinte, ou no seu caso hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude, cada equipo docente ou departamento didáctico analizará a

solicitud e elaborará un informe coa decisión adoptada. Este informe será trasladado á xefatura de estudos que comunicará por escrito a decisión ó/á solicitante como máximo no día lectivo seguinte. Á vista deste informe a xefatura de estudos e o/a titor/a considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria ao equipo docente para que valore a necesidade de revisar as decisión adoptadas.

En caso de desacordo cunha decisión de promoción ou titulación, o/a alumno/a, os seus pais ou representantes legais, poderán solicitar por escrito na xefatura de estudos a revisión de dita decisión no prazo de dous días lectivos, ou no seu caso hábiles, contados a partir do día seguinte ao da comunicación. O/a titor/a convocará unha reunión extraordinaria do equipo docente no prazo máximo de dous días lectivos, ou no seu caso hábiles, dende a finalización do período de solicitude de revisión. A dirección do centro comunicará por escrito ó/á solicitante a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación.

Os/as solicitantes terán dereito a acceder e a obter copia de todos os documentos contidos nos expedientes de revisión.

10.5 Publicidade dos criterios de promoción e titulación

Os criterios de promoción e titulación serán explicados a todo o alumnado polos titores a comezo de cada curso académico. Tamén estarán dispoñibles para a súa consulta na páxina web do instituto e no taboleiro de anuncios coas pertinentes actualizacións á nova normativa.

11 OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

11.1 ESO

Os alumnas e as alumnas que logo da avaliación final de cuarto curso obtivesen unha nota media igual ou superior a nove poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no cuarto curso, podéndose outorgar unha distinción de matrícula de honra cando o número de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte.

A efectos do anterior terase en conta a media aritmética das cualificacións do cuarto curso. En caso de empate terase en conta a media de toda a etapa educativa e de proseguir o empate realizarase unha reunión extraordinaria dos equipos docentes do alumnado implicado para decidir sobre a concesión da matrícula de honra, na que de ser necesario se realizará unha votación entre os asistentes para outorgar a mención de matrícula de honra a un ou unha dos candidatos ou candidatas.

11.2 Bacharelato

Os alumnas e as alumnas que logo da avaliación final de segundo curso obtivesen unha nota media igual ou superior a nove poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no segundo curso, podéndose outorgar unha distinción de matrícula de honra cando o número de alumnado matriculado no segundo curso sexa inferior a vinte.

A efectos do anterior terase en conta a media aritmética das cualificacións do cuarto curso. En caso de empate terase en conta a media de toda a etapa educativa e de proseguir o empate realizarase unha reunión extraordinaria dos equipos docentes do alumnado implicado para decidir sobre a concesión da matrícula de honra, na que de ser necesario se realizará unha votación entre os asistentes para outorgar a mención de matrícula de honra a un ou unha dos candidatos ou candidatas.

11.3 Ciclos de Formación Profesional

Os alumnas e as alumnas que logo de superar un ciclo formativo e obter unha nota media igual ou superior a nove poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no segundo curso, podéndose outorgar unha distinción de matrícula de honra cando o número de alumnado matriculado sexa inferior a vinte.

A efectos do anterior terase en conta a media aritmética das cualificacións do ciclo formativo. En caso de empate terase en conta a media de toda a etapa educativa e de proseguir o empate realizarase unha reunión extraordinaria dos equipos docentes do alumnado implicado para decidir sobre a concesión da matrícula de honra, na que de ser necesario se realizará unha votación entre os asistentes para outorgar a mención de matrícula de honra a un ou unha dos candidatos ou candidatas.

12 AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

12.1 ESO e Bacharelato

As programacións didácticas dos departamentos do IES Terra de Soneira serán un instrumento básico para a planificación docente. Supoñen o terceiro nivel de concreción do currículo e nelas especificaranse os obxectivos, contidos e actividades das distintas áreas, así como as opción metodolóxicas concretas.

As programacións didácticas de ESO e Bacharelato deben respectar no referente ao seu contido o establecido na normativa de referencia que será a resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (No curso 2024/2025 a RESOLUCIÓN de 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25).

Dende a entrada en funcionamento da aplicación PROENS todo o profesorado deberá elaborar as programacións didácticas das materias que imparta mediante a mesma. O centro publicará as mesmas na páxina web do centro para a consulta por parte de toda a comunidade educativa.

12.2 Ciclos de Formación Profesional

As programacións didácticas de cada módulo das ensinanzas de Formación Profesional que se imparten no centro deberán realizarse polo docente de cada módulo na aplicación Programacións cos epígrafes que nela se establecen para a súa posterior revisión por parte do/a xefe/a de departamento, Dirección do centro e Inspección educativa.

13 OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

A participación en programas e proxectos que redunden nun maior aproveitamento das ensinanzas impartidas no noso centro é un eixo fundamental do proxecto docente do centro.

Ademais dos programas e proxectos promovidos dende a Dirección do centro, os departamentos didácticos e o profesorado en xeral poderán promover a participación do centro en calquera programa, plan ou proxecto para o cal solicitarán á Dirección do centro que dita solicitude sexa tratada en Claustro e/ou Consello Escolar.

Na actualidade o centro participa nos seguintes programas e proxectos:

- Plan de mellora de bibliotecas escolares
- Proxecto EDIXGAL
- Proxectos de inclusión educativa (PIE):
 - a. Reforzo da inclusión educativa
 - b. Promoción do benestar emocional
- Dixital Week
- Spring Week
- Polos Creativos
- Acreditación alumnado linguas estranxeiras
- Plans PROXECTA:
 - a. Proxecto TERRA
- Proxecto de fomento de uso do galego
- Clubs de lectura
- Bibliotecas escolares solidarias

Na PXA do centro pódese consultar todo o referente a os anteriores programas e proxectos.

14 PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

Este documento de Concreción curricular será revisado anualmente polo Claustro de profesorado, que poderá modificar ou aportar as achegas que considere necesarias antes da súa aprobación.